

Contratación

BASES QUE REXERÁN O "ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL "VICENTE AGULLÓ".

Expediente 3400/2024

1.- OBXECTO.

O obxecto deste procedemento é regular o contrato privado denominado "ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL "VICENTE AGULLÓ".

Os inmobles que se pretenden alugar son os seguintes:

- A edificación formada por dúas plantas con referencia catastral 001100900NH71G0001UK (Albergue).
- A parcela circundante formada pola zona de aparcamento, zona axardinada e o entorno do albergue delimitado polo sendeiro exterior que supón unha superficie dunhas 13 ha, descritas de xeito pormenorizado no informe denominado "VALORACIÓN ECONÓMICA DO BEN INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 001100900NH71G0001UK E PARCELA CIRCUNDANTE SITUADA NO LUGAR DE MOURISCADÉ, VILANOVA, LALÍN." asinado polo Enxeñeiro Técnico Municipal o día 4 de novembro de 2024.

Os usos permitidos dentro das instalacións deberán atoparse en todo momento en consonancia co desenvolvemento do proxecto de posta en valor do "Espazo Mouriscadé" e as posibles modificacións que este poida rexistrar dentro do prazo de vixencia do contrato.

2.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Atopámonos ante un ben patrimonial tal como se define de xeito literal no artigo 6 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais "(...) 1. Son bens patrimoniais ou de propios os que sendo propiedade da Entidade Local non estean destinados a uso público nin afectados a algún servizo público e poidan constituír fontes de ingresos para o erario da Entidade. 2. Os bens patrimoniais réxense pola súa lexislación específica e, na súa falta, polas normas de Dereito privado. (...)".

A este respecto o artigo 92.1 do RBEL establece "(...) O arrendamento e calquera outra forma de cesión de uso de bens patrimoniais das Entidades locais rexeráse, en todo caso, en canto á súa preparación e adxudicación pola normativa reguladora de contratación das Entidades locais.(...)"

O artigo 9.2 da LCSP pola súa banda expón "(...) 2. Quedan, así mesmo, excluídos da presente Lei os contratos de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmobles, valores negociables e propiedades



incorporais, a non ser que recaian sobre programas de computador e deban ser cualificados como contratos de subministración ou servizos, que terán sempre o carácter de contratos privados e rexeranse pola lexislación patrimonial.(...)"

A Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas establece no seu artigo 107 "(...) Os contratos para a explotación dos bens e dereitos patrimoniais adxudicaranse por concurso salvo que, polas peculiaridades do ben, a limitación da demanda, a urxencia resultante de acontecementos imprevisibles ou a singularidade da operación, proceda a adxudicación directa. As circunstancias determinantes da adxudicación directa deberán xustificarse suficientemente no expediente (...)" ; polo tanto aplicarase de xeito supletorio a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para a preparación e adxudicación do contrato.

Polo tanto, a cualificación xurídica deste negocio será a de un contrato privado de arrendamento dun ben patrimonial, procedéndose á súa licitación por aplicación supletoria da LCSP (artigo 156 e seguintes que regulan o procedemento aberto).

Os termos deste contrato axustaranse ás condicións establecidas nestas bases e para o non previsto nas mesmas será de aplicación o previsto no artigo 26 da LCSP con referencia aos contratos privados.

Ademais destas bases, teñen carácter contractual, o documento no que se formalice o contrato e a oferta da adxudicataria.

En caso de discordancia entre as presentes bases e calquera documento contractual, prevalecerá o disposto nestas bases.

O descoñecemento das cláusulas do contrato en calquera dos seus termos, dos demais documentos contractuais que forman parte destas bases e das instrucións ou da normativa que resulte de aplicación na execución da cousa pactada, non exime á adxudicataria da obrigaón de cumprilas.

3.- PREZO DO CONTRATO.

O sistema para a determinación do prezo do contrato será o que se determine no **apartado B)** do Anexo I, sendo o canon mínimo do alugueiro o que figura no **apartado C)** do mencionado anexo I.

O canon poderá ser mellorado á alza polos licitadores na súa oferta.

4.- REVISIÓN DE PREZOS.

Na revisión do canon estarase ao especificado no **apartado D)** do Anexo I das presentes bases.



5.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato privado denominado “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ” obxecto destas bases, realizarase mediante licitación pública a fin de garantir o principio de igualdade e a concorrencia dos posibles interesados mediante **procedemento aberto** (art.156 e seguintes da LCSP que sexan de aplicación ao procedemento aberto), sendo a tramitación do expediente **ordinaria**.

6.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A duración do contrato será o que se sinala no **apartado J)** do Anexo I, contado a partir do día seguinte ao da formalización do contrato administrativo ou na data que expresamente se indique no mesmo.

Prohíbese a venta, cesión, traspaso ou arrendamento do local e parcelas anexas obxecto da presente convocatoria a terceiros.

O contrato adxudicarase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

7.- CAPACIDADE DA PERSOA CONTRATISTA.

Poderán concorrer á presente convocatoria, por si ou mediante representación, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursoas en causa de prohibición de contratar das sinaladas no artigo 71 da LCSP.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos daquelas prestacións que estean comprendidas dentro dos fins, obxecto e ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos e regras fundacionais, lles sexan propias e deberán dispor dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución da explotación permitida polo contrato.

8.- GARANTÍA PROVISIONAL E DEFINITIVA.

Garantía provisional: Non se esixe garantía provisional.

Garantía definitiva: De acordo co establecido no **apartado L) do anexo I**.

9.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS E CONSULTA DAS BASES.

O Concello de Lalín publicará un anuncio no perfil do contratante do Concello de Lalín así como na páxina web do Concello de Lalín (www.lalin.gal).

As proposicións deberán presentarse en **sobre pechado** no lugar e no prazo que se



indica no **apartado G) do anexo I**.

Cando as proposicións se envíen a través de lugar distinto ó Rexistro de Entrada do Concello de Lalín, o interesado deberá achegar o xustificante da data de imposición do envío no Servizo Oficial de Correos ou nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e comunicarlle ao órgano de contratación mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día (Fax. 986-780638) ou a través de email ao enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo. Transcorridos, non obstante, 3 días naturais seguintes á dita data sen ser recibida a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Toda a documentación será presentada e redactada nalgún dos idiomas oficiais de Galicia ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución xurada polos servizos competentes ou por notario público que dará fe da tradución.

10.- FORMA NA QUE DEBEN PRESENTARSE AS OFERTAS.

As proposicións presentaranse na forma que se indica no **apartado N) do anexo I**.

11.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

A adxudicación do contrato efectuarase de conformidade co indicado no **apartado I) do anexo I**.

12.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A composición da Mesa de contratación ven determinada no **apartado E) do anexo I**.

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da LCSP, e no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que se establecen nestes.

A Mesa de contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico orzamentario, así como aqueles que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres.



Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros desta. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Segundo o establecido no artigo 326.3 da LCSP publicarase a súa composición no perfil do contratante.

Así mesmo, a Mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións destas bases.

13.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN, APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS.

A mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa. Non se celebrará acto público de apertura de proposicións debido a que a licitación se efectuará empregando medios exclusivamente electrónicos.

Unha vez finalizado o prazo de presentación das proposicións constituirase a Mesa de Contratación, que procederá do seguinte xeito:

1º APERTURA DO SOBRE NÚM. 1:

Concluído o prazo de presentación de ofertas, procederase, pola Mesa de Contratación, á apertura da documentación contida nos sobres, presentada polos interesados en tempo e forma, verificándose que conteñen os documentos esixidos, ou no caso contrario, realizando o trámite de corrección.

Posteriormente, publicarase no Perfil do Contratante o resultado desta cualificación, indicando os defectos ou omisións que se observen na documentación, e declarando as proposicións admitidas e excluídas. A comunicación, no seu caso, dos defectos ou omisións que resulten emendables, publicarase no Perfil do Contratante, para que, no prazo de tres días hábiles desde esta publicación, as interesadas poidan presentar a documentación de maneira adecuada.

Esta comunicación realizarase adicionalmente mediante correo electrónico, no caso de que esta fose facilitada pola persoa interesada, aínda que se entenderá cumprida pola súa publicación no Perfil de Contratación.

No caso de que a persoa interesada non emende a documentación no prazo anteriormente indicado considerarase excluída.

Finalmente, a mesa de contratación procederá a determinar, as proposicións admitidas á licitación, as rexeitadas e as causas do seu rexeitamento.



No caso de que no apartado I) do anexo I se contemplen criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, a valoración das proposicións realizarase polos servizos técnicos municipais nun prazo non superior a sete días naturais, debendo ser subscribas polo técnico ou técnicos que realicen a valoración.

En todo caso, a valoración deberá estar efectuada con anterioridade á apertura do sobre ou arquivo electrónico que conteña a oferta avaliable a través de criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas.

Do levado a cabo nos apartados anteriores, deixarase constancia nas actas correspondentes nas que se reflectirá o resultado do procedemento e os seus incidentes.

2º APERTURA DO SOBRE NÚM. 2.

O acto público iniciarase dando a coñecer o resultado, no seu caso, das puntuacións correspondentes aos criterios avaliables mediante xuízos de valor.

A continuación, na mesma sesión, a Mesa procederá á apertura do sobre e actuará da seguinte maneira:

- Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos das bases, avaliar e clasificar as ofertas e realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación.
- Requiritir á empresa que obtivese a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que presente a documentación esixida no apartado 14 destas bases no prazo de dez días hábiles.

De todo o ocorrido conforme aos apartados anteriores, deixarase constancia nas actas correspondentes, nas que se reflectirá o resultado do procedemento e os seus incidentes.

En caso de empate estarase ao disposto no artigo 147 da LCSP, xa que se establecen criterios específicos para o desempate nos casos en que, despois da aplicación dos criterios de adxudicación, teña lugar un empate entre dous ou máis ofertas.

No caso de que no prazo outorgado para o efecto a candidata proposta non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor da seguinte candidata en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor da persoa proposta fronte á Administración. Con todo, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato



de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

14.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR A MELLOR OFERTA.

A licitadora que obtivera a maior puntuación trala aplicación dos criterios de valoración será requirida para que, dentro do prazo de **dez (10) días hábiles** (segundo o previsto na Disposición Adicional 15 da LCSP os prazos a contar desde a notificación computaranse desde a data de envío da mesma ou do aviso de notificación, se fora mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto de notificación se publicara o mesmo día no Perfil de contratante do órgano de contratación. En caso contrario os prazos computaranse desde a recepción da notificación polo interesado) presente a seguinte documentación:

- Documentos acreditativos da personalidade xurídica:

- Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI.
- Os empresarios persoas xurídicas, copia auténtica do CIF e a escritura ou os documentos nos que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.

- **Documentos acreditativos da representación:** Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá engadirse o poder, debidamente verificado, outorgado a favor de quen subscriba a proposición, xunto cunha copia auténtica do DNI ou dos apoderados. Admitiranse, ademais de verificacións da asesoría xurídica da corporación, os do avogado do Estado, de asesorías xurídicas doutras Administracións Públicas, e mesmo de letrados colexiados; a achega da mera dilixencia de verificación do documento de representación poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente o representante e representado, a escritura de apoderamento, e que as facultades contidas na mesma son suficientes para o contrato ou contratos en cuestión. A presentación do poder, ou da dilixencia de verificación do mesmo nos termos anteriormente indicados, supoñerá, para os efectos do establecido nos artigos 1.733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración da súa vixencia.

A licitadora poderá remitirse, en todo ou en parte, e no que respecta a documentación indicada neste apartado e no anterior, á que xa presentase no Concello de Lalín, como consecuencia doutros procedementos contractuais nos que participase; para tal efecto, será preciso que sinala expresamente que se remite á devandita documentación, identificando o procedemento ou procedementos nos que se achegou e sinala mediante declaración xurada, que non existen actos posteriores que a modifiquen.

- Aos efectos de acreditar a solvencia económica e financeira, de acordo co disposto no artigo 87 da LCSP, a licitadora deberá aportar **o seguro ou proposta de seguro**



de responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 60.000,00 € que cubra a actividade realizada así como os posibles danos a persoas e bens, que se poidan derivar da prestación da actividade ou servizo.

- Documentación acreditativa de estar ao corrente **cos deberes tributarios coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Axencia Tributaria de Galicia.**

- **O Concello** comprobará de oficio que a licitadora se atopa ao corrente cos deberes tributarios coa propia entidade municipal.

- **Orixinal ou copia autenticada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente á actividade a desenvolver no albergue obxecto do contrato**, referida ao exercicio corrente, xunto co último recibo, completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, deberá acreditarse, ben mediante certificación da exención outorgada polo órgano competente, ou ben mediante declaración responsable, de atoparse exento segundo o establecido no artigo 82.1.c) da citada Lei.

- Documento que acredite a **constitución da garantía definitiva consonte o establecido no apartado L) do Anexo I.**

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a persoa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación á licitadora seguinte, pola orde na que quedarán clasificadas as ofertas.

15.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Presentada a documentación solicitada, o órgano de contratación nun prazo non superior a 5 días hábiles, procederá a adxudicar o contrato a favor da persoa proposta como adxudicataria, procedéndose, unha vez adxudicada a mesma, á súa formalización.

A adxudicación deberá ser motivada, notificaráselle ás candidatas ou licitadoras e simultaneamente, publicarase no perfil do contratante no prazo de 15 días. A notificación e a publicidade deberán conter a información necesaria que permita ás interesadas no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, de acordo co disposto no artigo 151.2 da LCSP.

O órgano de contratación poderá declarar deserto o procedemento, no seu caso, a



proposta da Mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran nestas bases.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción pola persoa destinataria.

No caso no que o órgano de contratación desista do procedemento de adxudicación ou decida non adxudicar ou celebrar o contrato para o cal se efectuou a correspondente convocatoria, notificarase ás candidatas ou licitadoras.

A decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Nestes casos compensarase ás candidatas aptas para participar na licitación ou licitadoras polos gastos en que incorresen na forma prevista no anuncio ou nestas bases ou, na súa falta, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Neste caso, non poderá promoverse unha nova licitación en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión.

A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa. A desistencia non impedirá neste caso a iniciación inmediata dun procedemento de licitación.

16.- PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización.

Se a adxudicataria non formalizase o seu contrato ou incumprise as obrigas que se precisan nas presentes bases para elo, o albergue poderá ser adxudicado á seguinte solicitante pola orde de puntuación obtida.

O contrato formalizarase en documento administrativo, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, a adxudicataria poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo a seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso se poderán incluír no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. A formalización deberá efectuarse non máis tarde **dos quince (15) días hábiles seguintes** a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación polas licitadoras e candidatas na forma prevista no artigo 151 da LCSP.



Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

As presentes bases, os seus anexos e a oferta económica revestirán carácter contractual, polo que deberán ser asinados, en proba de conformidade, pola adxudicataria, no mesmo acto da formalización do contrato.

Se as causas da non formalización do contrato foran imputables á Administración, indemnizarase á adxudicataria polos danos e prexuízos que a demora lle puidera ocasionar.

Unha vez asinado o contrato, procederase á sinatura dunha acta de inicio do contrato nas propias dependencias, co obxecto de que tanto o arrendador como o arrendatario coñezan o estado das instalacións e do mobiliario que forma parte do contrato.

17.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Poderán ser causas de resolución do contrato as seguintes:

- a) Morte do arrendatario estarase ao disposto no artigo 33 da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.
- b) Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción o escisión, da personalidade xurídica da arrendataria.
- c) Finalización do prazo cando non exista posibilidade de prórroga.
- d) Mutuo acordo.
- e) Falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigas do titular.
- f) Desaparición do ben.
- g) Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares polas que se rexa.

Ademais, será causa de resolución do contrato a solicitude presentada pola interesada. A declaración da resolución neste suposto non dará dereito a indemnización.

Así mesmo, o órgano de contratación poderá deixar sen efecto o arrendamento con anterioridade ao vencemento do seu prazo se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, mediante a correspondente indemnización, se procedera.

18.- PAGAMENTO DE GASTOS, IMPOSTOS E LICENZAS.

A adxudicataria do albergue sufragará todo tipo de gastos, gravames ou tributos que



sexan relativos ao exercicio da actividade a desenvolver no mesmo.

19.- ACONDICIONAMENTO DO ALBERGUE.

O acondicionamento do ALBERGUE MUNICIPAL "VICENTE AGULLÓ", que non se atope recollido no informe de valoración do ben, corresponderalle á adxudicataria do mesmo, quen deberá dotalo do mobiliario e equipamento preciso para a realización da actividade obxecto de explotación, sendo por conta da adxudicataria todos os gastos de mantemento que se xeren.

O acondicionamento non afectará en ningún caso á estrutura do inmovible nin aos seus arredores, sen a previa autorización do Concello de Lalín.

Ao remate do prazo do contrato ou cando se acorde a resolución do mesmo, o arrendatario deberá deixar o albergue municipal en óptimas condicións de uso.

20.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER, PROHIBICIÓNS, REQUISITOS E CONDICIÓNNS.

O albergue deberá destinarse á actividade descrita no Proxecto de xestión e explotación aprobado polo Concello. Os usos permitidos serán os servizos de albergues, e hostalería en xeral, sen excluír de entrada outras posibles actividades que poidan impulsar o proxecto "*Espazo Mouriscade*".

O Contratista deberá acreditar a situación de alta no Imposto de Actividades Económicas, así como no réxime especial de autónomos de ser o caso, e en cantos rexistros proceda para o exercicio da actividade que se desenvolva no albergue.

O persoal empregado será de conta e cargo do/a adxudicatario/a.

A explotación será a risco e ventura da persoa contratista.

O arrendatario deberá ter subscrito un seguro que cubra a actividade realizada así como os posibles danos a persoas e bens, por importe mínimo de 60.000,00 euros.

O contratista comprométese a manter en perfecto estado a instalación, correndo ao seu cargo as reparacións ou reposicións correspondentes, salvo as producidas polo uso normal.

Ao finalizar a vixencia do contrato será inspeccionado o albergue para comprobar que o entrega en adecuadas condicións de conservación. Sen esta comprobación non será liberada a garantía definitiva.

Queda prohibida a alteración do aspecto exterior do albergue sen consentimento do Concello.

A utilización de calquera clase de aparello de reprodución de son está suxeita estritamente aos niveis sonoros máximos establecidos na normativa vixente en materia de ruídos.



Prohíbese almacenar ou amorear produtos ou materiais no exterior do albergue.

Deberá figurar exposta ao público, en lugar visible, a lista de prezos, así mesmo deberase dispoñer das correspondentes follas oficiais de reclamacións, que estarán a disposición das autoridades pertinentes e das persoas usuarias.

O concello en ningún momento se fará responsable da falta de pago do arrendatario aos seus provedores, nin do deterioro ou roubos que se poidan cometer na instalación.

Forma parte das obrigas do contratista a limpeza da parcela circundante e en ningún caso poderá restrinxir o paso a persoas que desexen visitar a finca.

21.- CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN.

O contrato non poderá ser cedido, subarrendado ou transmitido sen o consentimento expreso do Concello de Lalín.

Do mesmo xeito, a responsabilidade de todo o que aconteza dentro das instalacións será única e exclusivamente do contratista, salvo, no acontecido na parcela circundante e que non sexa por acción ou omisión do contratista.

22.- OUTORGAMENTO DIRECTO.

No caso de que a licitación quedara deserta, ben por falta de ofertas, ou ben porque as proposicións presentadas non foran admitidas, calquera persoa lexitimada poderá solicitar por escrito ao Concello de Lalín a sinatura do contrato, polos prezos de saída da licitación e sen modificar as condicións iniciais da mesma.

No caso de que foran varios solicitantes, a autorización outorgarase en favor do primeiro que teña presentado a solicitude polo Rexistro Xeral do Concello.

23.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.

Obrigas do Concello:

O Concello de Lalín está obrigado a:

- 1.- Protexer ao contratista na utilización dos bens obxecto de contratación .
- 2.- Calquera outra obriga que se recolla nestas bases ou na lexislación de aplicación.

Obrigas da adxudicataria das bases:

A adxudicataria está obrigada a:

- 1.- Unha vez formalizado o contrato, abrir e poñer en funcionamento a actividade no prazo máximo de 3 meses dende que comece o prazo de execución do contrato e non manter pechada a actividade por tempo superior a 15 días naturais, **salvo causa**



xustificada e debidamente notificada ao Concello como pode ser o peche do albergue por baixa médica ou por causa de forza maior.

2.- Realizar a limpeza do albergue e retirar o lixo xerado pola actividade tanto na instalación como na zona exterior de afección do contrato.

3.- Destinar o albergue á actividade que se presente no Proxecto de xestión e explotación aprobado polo Concello.

4.- Anunciar e ter á disposición das persoas usuarias follas de reclamacións.

5.- Ter exposto ao público o listado de prezos oficiais e información sobre os alérxenos de ser o caso.

6.- O arrendatario será responsable, civil e administrativamente, polos actos ou omisións en que poida incurrir por incumprimento das súas obrigas respectivas fronte ao Concello, a outras administracións e respecto a terceiros, resultando responsable asemade da calidade dos produtos e servizos que venda.

7.- En xeral, o arrendatario queda suxeito ao cumprimento do disposto nas leis que lle sexan de aplicación, en todos os seus aspectos, fiscais, de prevención, traballo, seguridade social e especial as de carácter sanitario.

8.- Respetar o horario de apertura e peche da actividade establecidos pola normativa autonómica de comercio interior e horarios comerciais.

9.- Abandonar e deixar libre e baleiro, a disposición da administración, dentro do prazo que se lle conceda ao efecto, o albergue, cando remate o contrato. O Concello poderá acordar e executar por si mesmo o lanzamento.

10.- **Ingresar o canon** ofertado, segundo se estipule no contrato formalizado.

11.- **Manter limpa de maleza a parcela circundante obxecto deste contrato.**

24.- RÉXIME SANCIONADOR.

As faltas en que pode incurrir o contratista clasificaranse en leves, graves e moi graves.

Faltas leves:

1.- Non manter un trato correcto coas persoas usuarias.

2.- Non manter nas debidas condicións de orde e hixiene o albergue.

3.- Falta de aseo na vestimenta da persoa contratista ou do persoal contratado.



4.- Todas aquelas outras que non se cualifiquen como graves ou moi graves.

Faltas graves:

- 1.- Reincidir en calquera falta leve.
- 2.- As infraccións das normas sanitarias, de consumo ou de industria declaradas polas autoridades competentes e que impliquen o mero descoido ou negligencia.
- 3.- A instalación de instrumentos ou equipos musicais ou outros aparatos non autorizados ou fora do horario previsto.
- 4.- A emisión de ruídos por riba dos límites establecidos.
- 5.- Obstruír o exercicio das funcións de inspección e control polas autoridades ou os seus axentes.

Faltas moi graves:

- 1.- Incumprir as normas hixiénico-sanitarias que revistan gravidade ou entrañen perigo contra a saúde pública.
- 2.- Destinar o albergue para unha finalidade distinta á prevista no contrato.
- 3.- A non subscrición da póliza de seguro prevista nestas bases, ou o vencemento da mesma sen que se subscribira unha nova.
- 4.- Realizar obras no albergue sen previa autorización do Concello.

Sancións:

- As infraccións leves serán sancionadas con multas de ata 750,00 euros.
- As infraccións graves serán sancionadas con multas de entre 751,00 euros ata 1.500,00 euros.
- As infraccións moi graves poderán ser sancionadas coa extinción do contrato e de cantos dereitos puidesen derivar da mesma, e con multas de entre 1.501,00 euros ata 3.000,00 euros.

As sancións anteriores entenderanse, sen prexuízo de esixirle a compensación de danos e perdas causados, tanto aos bens do Concello como ás persoas ou os bens das persoas usuarias, e a resolución do contrato se procedese.

En calquera caso, para a imposición de sancións incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgará audiencia ao contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente na defensa dos seus dereitos.

Para a graduación das sancións teranse en conta en particular os seguintes criterios:

- a) A natureza dos prexuízos causados.



- b) O grado de intencionalidade do infractor ou a reiteración.
- c) A contía do beneficio obtido.
- d) O prazo de tempo durante o que se veu cometendo a infracción.
- e) A reparación voluntaria dos danos.
- f) A transcendencia social da infracción.
- g) O número de persoas consumidoras e usuarias afectadas.

Para a prescrición de infraccións e sancións estarase ao disposto no artigo 30 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

25.- FINALIZACIÓN DO CONTRATO E REVERSIÓN.

Unha vez finalizado o contrato ou no caso de resolución do contrato, o albergue reverterá a favor do Concello de Lalín en perfecto estado e libre de calquera carga ou gravame.

A estes efectos, os técnicos municipais xirarán unha visita ao albergue para comprobar o estado no que se atopa, emitindo informe ao respecto, no que se indicará, no seu caso, as obras necesarias a realizar para manter o albergue nas condicións previstas. Ditas obras correrán a cargo da persoa contratista.

26.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A arrendataria (como encargada do tratamento de datos) en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, obrígase ao cumprimento de todo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e a súa normativa de desenvolvemento, así como no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola que se derroga a Directiva 95/46/CE, en relación cos datos persoais aos que teña acceso con ocasión do contrato.

A arrendataria está obrigada a gardar segredo respecto daqueles datos de carácter persoal dos que puidera ter coñecemento por razón do contrato, obrigación que subsistirá aínda despois da finalización da mesma, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Os datos persoais achegados para os efectos deste procedemento, de persoa física que actúa por si mesma ou, no seu caso, como representante de persoa xurídica, así como os datos persoais de quen executará, no seu caso, a actividade a exercer no



albergue, serán tratados, en calidade de responsable de tratamento, polo Concello de Lalín.

Os datos de carácter persoal serán tratados para a valoración da solvencia dos licitadores no seu caso, e no suposto, de resultar adxudicatario o contratista, os datos serán tratados para a formalización da relación contractual, así como para a comunicación ou remisión de notificacións necesarias ou obrigatorias, en relación co control e execución do contrato.

A base xurídica que lexitima o tratamento dos datos persoais é, por unha banda, o cumprimento por parte do Concello de Lalín das obrigacións legais dimanantes da lexislación de contratos do sector público e demais normativa de aplicación e, doutra banda, a formalización e execución do contrato, en caso de resultar adxudicataria a licitadora.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos, conforme á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa de aplicación, ademais dos períodos establecidos na normativa de arquivos e documentación.

Os datos poderán ser cedidos ou comunicados aos órganos competentes da Administración pública contratante e, no seu caso, a outros entes públicos (Tribunal de Contas ou homólogo autonómico, Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais, Xulgados ou Tribunais, Axencia Tributaria, Axencia Antifraude ou outros entes ou organismos públicos) nos supostos previstos, segundo a Lei. Os datos poderán ser publicados, no seu caso, nos taboleiros, físicos ou electrónicos, nos diarios ou boletíns oficiais e, en particular, no perfil de contratante, disposto na páxina institucional ou sede electrónica de Concello de Lalín.

De conformidade coa lexislación, europea e española, en protección de datos de carácter persoal, os titulares dos datos persoais poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e, no seu caso, oposición, mediante un escrito, acompañado de copia do DNI, Pasaporte ou documento identificador equivalente, a presentar a través do Rexistro de Entrada de Concello de Lalín.

En caso de estimar unha vulneración do dereito á protección de datos, poderá presentar unha reclamación, en primeiro lugar, ante o noso Delegado de Protección de datos dpd@lalin.gal ou, no seu caso, ante a Axencia Española de Protección de Datos www.aepd.es.

27.- INTEGRIDADE E LOITA CONTRA A FRAUDE.

A participación na licitación á que se refire as presentes bases supón a asunción por parte das licitadoras e do ulterior adxudicatario do contrato do cumprimento das



seguintes obrigas:

- a) Respetar os principios de igualdade, libre concorrència, transparencia e integridade.
- b) Non solicitar, directamente ou indirectamente, que un cargo ou empregado do órgano de contratación, nin calquera outro, inflúa na adxudicación do contrato.
- c) Notificar ao órgano de contratación calquera acto, conduta ou situación irregular dos cales tivese coñecemento, que se poidan presentar nos procesos de contratación pública.
- d) Comunicar inmediatamente ao órgano de contratación as posibles situacións de conflito de intereses, aparentes ou reais das cales tivesen coñecemento no ámbito do proceso e execución do contrato.
- e) Non ofrecer nin facilitar a cargos ou empregados do órgano de contratación vantaxes persoais ou materiais, nin para eles mesmos nin para persoas vinculadas coa súa contorna familiar ou social, incluíndo os do cónxuxe ou persoa con quen conviva en análoga relación de afectividade, os familiares dentro do cuarto grao de consanguinidade ou segundo grao de afinidade.
- f) Observar os principios, as normas e os canons éticos propios da actividade, o oficio ou a profesión que se vaia a desenvolver no albergue.
- g) Non realizar accións que poñan en risco o interese público.
- h) Respetar os acordos e as normas de confidencialidade.
- i) Aplicar a máxima dilixencia no coñecemento, fomento e cumprimento da legalidade vixente.

28.- XURISDICIÓN.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que puideran suscitarse en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

Pola súa parte, corresponderá á orde xurisdiccional civil resolver as controversias que puideran xurdir entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción deste contrato.

O Alcalde.
José Crespo Iglesias

Arquitecto Técnico Municipal
Hervé Fernández Estévez

Documento asinado dixitalmente ao marxe



**ANEXO I.
CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO.**

TÍTULO: BASES QUE REXERÁN O CONTRATO PRIVADO “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ”			
PODER ADXUDICADOR: CONCELLO DE LALÍN			
ADMINISTRACIÓN CONCEDENTE: CONCELLO DE LALÍN	ÓRGANO COMPETENTE: XUNTA DE GOBERNO LOCAL	Núm.de Expediente:	3400/2024
		Tipo de Procedemento:	Aberto
		Tipo de contrato:	Privado Arrendamento
		Trámite:	Ordinario
		Criterios adxudicación:	Pluralidade
A) OBXECTO DO CONTRATO:	Arrendamento do albergue municipal “VICENTE AGULLÓ”, sito na Finca de Mouriscade, 36515 Vilanova, Lalín, Pontevedra, con referencia catastral 001100900NH71G0001UK e a parcela circundante e instalacións formada pola zona de aparcamento, zona axardinada e entorno do albergue delimitado polo sendeiro exterior que supón unha superficie dunhas 13 ha, descritas de xeito pormenorizado no informe denominado “VALORACIÓN ECONÓMICA DO BEN INMOBLE DE REFERENCIA CATASTRAL 001100900NH71G0001UK E PARCELA CIRCUNDANTE SITUADA NO LUGAR DE MOURISCADE, VILANOVA, LALÍN” asinado polo Enxeñeiro Técnico Municipal o día 4 de novembro de 2024. CPV: 55900000-9. Servizos comerciais ao por menor. 55320000-9. Servizos de subministración de comidas. 55400000-4. Servizos de subministración de bebidas. 55510000-8. Servizos de cantina 55210000-Servizos de albergues xuvenís. 55200000-Zonas de acampada e outros aloxamentos non hoteleiros.		
B) SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO:	O canon mínimo de licitación estableceuse segundo informe de valoración realizado e asinado, en data 13 de novembro de 2024, polo Arquitecto Técnico Municipal.		
C) PREZO:	O canon mínimo de licitación será de 16.617,81 €/anuais, conformado por un pago en especie por valor de 14.541,80 € e o pago en metálico de 2.076,01 €. Este canon será mellorable á alza con arranxo ás ofertas realizadas polos respectivos licitadores unicamente na parte correspondente ao pago en metálico.		
D) REVISIÓN DE PREZOS:	Non.		
E) MESA DE CONTRATACIÓN:	COMPOSICIÓN: ●Presidente: Primeira Tenente Alcalde. Suplente: Concelleiro Delegado de Obras e Servizos. ●Vogais: O Secretario Xeral. Suplente: O/a Secretario/a accidental. A Interventora. Suplente: A Interventora accidental. Administrativa Axenda Urbana. Suplente: Técnico informático. ●Secretaría: Técnico/a de contratación. Suplente: Administrativo/a de Contratación.		
F) FORMA E MEDIO DE CONSULTA:	CONSULTA: No perfil do contratante https://contrataciondeestado.es.e e na páxina web do Concello de Lalín. Cantos datos existan e se estimen de interese pola Administración, estarán a disposición dos licitadores para o seu exame, no prazo de presentación de proposicións, tódolos días laborables durante as horas hábiles de oficina de 08:00 a 15:00 horas no Servizo de Contratación. Tlf. 986-787060/ Fax. 986-780638/ Enderezo electrónico: contratacion@lalin.gal .		



<p>G) PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS:</p>	<p>PRAZO: o prazo de presentación de ofertas rematará ás 14:00 horas do día seguinte ao do transcurso do seguinte prazo: dez (10) días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Perfil do Contratante. Se o último día do prazo fose inhábil trasladarase ao seguinte día hábil.</p> <p>LUGAR DE PRESENTACIÓN: Sobres pechados no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, Praza de Galicia núm. 1, 36.500, Lalín, Pontevedra ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, nos termos e condicións establecidas na cláusula 9 das bases.</p>
<p>H) DATA DE APERTURA DE PROPOSICIÓNS:</p>	<p>Segundo o disposto na cláusula 13 das bases.</p>
<p>I) CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:</p>	<p>1. CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR. (Ata un máximo de 60 puntos).</p> <p><i>Neste apartado valorarase a proposta realizada polo licitador no Proxecto respecto da xestión e explotación do Albergue Municipal "VICENTE AGULLÓ".</i></p> <p><i>O proxecto presentado deberá xustificar que a actividade que se pretende desenvolver se axusta aos obxectivos perseguidos no proxecto de Posta en Valor do "Espazo Mouriscade".</i></p> <p><i>A valoración realizarase conforme os seguintes criterios:</i></p> <p><u>2.1.- Oferta de condicións especiais de uso para o Concello:</u> ata un máximo de 30 puntos.</p> <p><i>Valorarase a proposición que oferte unhas condición máis favorables para o Concello, podendo consistir en descontos especiais sobre os prezos habituais, ou oferta de prazas de balde ao longo do ano, co obxecto de levar a cabo campamentos, obradoiros ou actos institucionais que favorezan a activación e posta en valor do "Espazo Mouriscade".</i></p> <p><u>2.2.- Proposición innovadora da actividade:</u> ata un máximo de 10 puntos.</p> <p><i>Valorarase o carácter innovador da actividade que se pretende desenvolver, tendo en conta a preexistencia ou non de actividades similares dentro do Concello de Lalín.</i></p> <p><u>2.3.- Impacto ambiental da proposta:</u> ata un máximo de 10 puntos.</p> <p><i>Valorarase o impacto ambiental que a actividade que se pretende promover implicaría na contorna e as medidas que se prevén implantar.</i></p> <p><u>2.4.- Atracción de visitantes:</u> ata un máximo de 10 puntos.</p> <p><i>Valorarase a estratexia que se pretende seguir para acadar un impacto positivo na afluencia de visitantes ao "Espazo Mouriscade".</i></p> <p><i>Respecto de cada apartado outorgarase a maior puntuación á oferta que se considere que ofrece a mellor resposta ás necesidades do Concello de Lalín en base ás prestacións indicadas. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente coa de maior puntuación.</i></p> <p><i>NOTA: De conformidade co establecido no artigo 146.3 da LCSP , as empresas que non superen a puntuación mínima de 30 puntos na valoración do conxunto dos criterios avaliados mediante xuízo de valor non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas da fase de avaliación de criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas.</i></p> <p>2.- Prezo ofertado para a parte en metálico do canon, ata un máximo de 40 puntos:</p>



	<p>Para a ponderación da oferta económica á alza do canon mínimo de licitación empregárase a seguinte fórmula: Pi= P max (Of i / Of max) Onde: Pi= puntuación da oferta i. Pmax: puntuación máxima deste criterio. Of i: oferta i Of max: oferta máis alta.</p> <p><i>En caso de empate aplicaranse os criterios de desempate de acordo co disposto no artigo 147.2 da LCSP.</i></p> <p><i>No caso de non especificar oferta válida nalgún dos conceptos obterá cero puntos no concepto e a efectos dos cálculos entenderase que se oferta o tipo.</i></p>
J) DURACIÓN MÁXIMA DO CONTRATO:	Dous (2) anos prorrogables por outros dous (2) anos máis.
K) GASTOS PUBLICIDADE LICITACIÓN:	Non se contemplan.
L) GARANTÍAS:	PROVISIONAL: Non se esixe. DEFINITIVA: establécese unha garantía de 2.769,64 €.
M) MODIFICACIÓNS:	Non se prevén.
N) FORMA DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS:	<p>SOBRE NUM 1: DECLARACIÓN RESPONSABLE E PROXECTO DE EXPLOTACIÓN DO ALBERGUE.</p> <p>1.- Declaración responsable de acordo co modelo que figura como Anexo III destas bases ou Documento Europeo único de contratación (DEUC), subscritos pola persoa que asine a proposición.</p> <p>O DEUC atopáse dispoñible no seguinte enlace: https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espd-web/filter?lang=es</p> <p>No caso de utilizar o DEUC, deberase indicar en documento independente o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> Dirección de correo electrónico designada para efectuar as notificacións/comunicacións e número de teléfono. No caso de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante achegará unha declaración responsable, e, adicionalmente, deberán achegar o compromiso de constitución da unión, con arranxo ao modelo que se insire como anexo V. <p>2.- Proxecto de xestión e explotación do albergue: as instalacións obxecto de alugueiro están suxeitas á obriga de cumprir cos obxectivos do Proxecto de Posta en Valor do "Espazo de Mouriscade", polo tanto a actividade que se pretenda levar a cabo deberá potenciar o "Espazo de Mouriscade" dende unha perspectiva turística, deportiva ou de ocio, ou combinación de varias delas.</p> <p>O documento a presentar ocupará como máximo un total de 20 páxinas, letra "Arial", tamaño: 12; separación entre liñas: 1,5. Para o cómputo da extensión exceptuaranse aqueles folios que se empreguen como separadores e os que correspondan á portada e contraportada. A estrutura mínima do mesmo contará con:</p> <ul style="list-style-type: none"> Descrición da actividade que se pretende levar a cabo. Equipo e experiencia previa. Impacto que se espera obter coa actividade a realizar (económico e ambiental). <p>SOBRE NÚM. 2: OFERTA ECONÓMICA.</p> <p>- Oferta económica , de acordo co modelo que figura como Anexo IV das presentes bases.</p>



	<p>Na proposta económica expresarase o prezo do canon anual ofertado.</p> <p>Do mesmo xeito, no devandito Anexo IV indicarse a experiencia previa na actividade que se pretende desenvolver nas instalacións.</p> <p>Para a acreditación da experiencia previa por conta propia presentarse a alta no IAE e o informe de vida laboral.</p> <p>Pola súa parte, a experiencia previa por conta allea acreditarase mediante a presentación dos contratos laborais acompañados do respectivo informe da vida laboral.</p> <p>Non se aceptarán propostas que conteñan omisións, erros ou riscos que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, ofertase un canon inferior ao mínimo de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición ou se existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable poderá ser descartada pola Mesa de contratación.</p> <p>No caso de Unións Temporais de Empresarios presentarse unha única oferta, subscrita por cada un dos representantes das distintas entidades da UTE.</p> <p>NOTA IMPORTANTE: Os datos que figuren no modelo de proposición económica presentada pola persoa licitante prevalecerán, no caso de contradición, sobre os datos que esta cubra na plataforma electrónica, no seu caso.</p>
--	---



ANEXO II: MODELO DE SOBRE

TÍTULO: BASES QUE REXERÁN O CONTRATO PRIVADO “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ”

Número de expediente: **Expediente 3400/2024.**

Presentado por (Indicar Nome e apelidos e no seu caso razón social)

DNI/ CIF.....

Domicilio.....

Teléfono.....

Correo electrónico.....

En,..... de de 202_

(lugar, data e sinatura do solicitante)



ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dña, con DNI,, actuando en nome propio, ou en representación da entidade....., con CIF, manifesto a miña vontade de participar no procedemento convocado a través das “ **BASES QUE REXERÁN O CONTRATO PRIVADO “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ”**”, exp. 3400/2024, **DECLARANDO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

1º.- Que a sociedade á que represento (ou o asinante da declaración cando actúe en nome propio) cumpre con todas as condicións requiridas nas **BASES QUE REXERÁN O CONTRATO PRIVADO “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ”** e comprométome, en caso de resultar proposto como adxudicatario, a acreditar tales circunstancias, mediante a presentación de toda a documentación que lle sexa requirida.

2º.- Que a sociedade á que represento (ou o asinante da declaración cando actúe en nome propio) non está incurso en ningunha das causas de prohibición de contratar coa administración recollidas no artigo 71 da LCSP.

3º.- Que a sociedade á que represento (ou o asinante da declaración cando actúe en nome propio) coñece e acepta cantas obrigas se deriven das Bases.

4º.- Que só ante o caso de que a sociedade á que represento (ou o asinante da declaración cando actúe en nome propio) fose estranxeira declaro o sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder.

** No caso de que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante achegará unha declaración responsable segundo o presente modelo, no que se inclúe o compromiso de constitución da unión. En documento separado deberanse indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que constitúan a unión temporal, a participación de cada un, e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ostentará a representación da unión temporal ante a Administración.*

Ende..... de 202_.
(lugar, data e sinatura do declarante)



ANEXO IV: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./Dña.....con domicilio en
rúa.....núm. con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa)
num..... actuando en nome propio (ou en representación
de..... DNI ou CIF num.....e con domicilio en
..... num. teléfono.....) toma
parte no procedemento denominado “

BASES QUE REXERÁN O CONTRATO PRIVADO “ALUGUEIRO DO ALBERGUE MUNICIPAL “VICENTE AGULLÓ””, exp. 3400/2024, e a cuxos efectos fai constar:

1º.- Que coñece o contido das presentes bases, aceptándoas integramente e con estrita suxeición aos requisitos, obrigas e condicións esixidas.

2º.- Que oferta polo alugueiro do albergue o seguinte **canon en metálico**:..... €.

3º.- Que se compromete a acometer os traballos de limpeza da parcela circundante formada pola zona de aparcamento, zona axardinada e entorno do albergue delimitado polo sendeiro exterior que supón unha superficie dunhas 13 ha.

4º.- Que os días nos cales se exercerá a actividade no albergue son os seguintes e co horario de apertura que a continuación se indica:

.....
.....

(Indicar días e horario de apertura do albergue).

5º.- Comprométese a poñer a disposición do Concello as instalacións durante 10 días hábiles coas correspondentes noites co obxecto de celebrar os campamento de Verán que se organizan de forma anual.

.....,de.....de 202_

Data e sinatura do declarante



ANEXO V: COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN DE UTE

D./D^a., con DNI con enderezo en

No caso de ser persoa xurídica:

En representación da empresa constituída (referencia escritura).

Acreditando a súa representación a través do poder (referencia escritura).

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

Que concorre a esta licitación en UTE coas seguintes mercantís:, e de resultar adjudicatarias participarán no capital da UTE que se constituía cada unha delas nas seguintes porcentaxes, nomeando como representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a súa extinción a

Data:

Sinatura dos membros dos representantes das empresas que se constituirán en UTE



ANEXO VI ESTANCIAS E MOBILIARIO DISPOÑIBLE

1.-RECIBIDOR:



Dispón de:

- Mostrador.
- Elevador salva escaleira para persoas con discapacidade.

2.- COMEDOR:



Dispón de:

- 40 cadeiras e 8 mesas.
- Elevador para comida dende a cociña.
- Cheminea francesa.



3.- ASEOS:



Dispón de:

- Lavadoiros e espellos
- Urinarios e retretes
- Duchas

4.- HABITACIÓNS:



Dispón de:

- 6 Habitacións con 4 liteiras
- 1 Habitación con 2 liteiras
- 1 Habitación con 1 liteira
- Armarios.



5.- COCIÑA:



Dispón de:

- Cocina industrial de 6 fogos.
- Fritadeira dobre.
- Neveira, lavalouzas, vertedoiros e mesas aceiro.

6.- Lavandería

Dispón de:

- 2 mesas. Non ten lavadoras nin secadoras.

7.- Sala caldeira.

- Dispón de caldeira de gas para calefacción e auga quente



ANEXO VII DELIMITACIÓN DA PARCELA.

